

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 16 de decembro de 2015, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, facultando ao director xeral a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro

Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) e convocar para o exercicio 2016 as ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva.

Estas axudas están cofinanciadas ao 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular:

Obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.03: promover a internacionalización das pemes.



Segundo

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de 2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2016. Na súa virtude, a concesión das subvencións condiciónnase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Terceiro. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 4 de xaneiro de 2016 rematará o 12 de febreiro de 2016.

Cuarto. *Créditos*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes:

Partida orzamentaria: 09.A1.741A.7814

Ano	Total
2016	2.500.000 €
2017	1.000.000 €
Total	3.500.000 €

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, previa declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto. Tamén poderá realizar modificacións a nivel de subconcepto sen necesidade de que se modifique o importe total da convocatoria e sen que sexa necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. *Prazos de duración do procedemento, de execución do proxecto e para solicitar o cobramento*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o 31 de maio de 2016.



O prazo de execución dos proxectos iniciarase o 4 de xaneiro de 2016 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir desta data) e rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder do 30 de xuño de 2017 (data última admisible de facturación e pagamento).

O beneficiario da axuda poderá solicitar un anticipo unha vez notificada a resolución de concesión e con data límite o 15 de xuño de 2016.

Para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 29 de xullo de 2016, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 12 de agosto de 2016. Para aqueles proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 30 de xuño de 2017, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento como máximo o 11 de xullo de 2017.

Sexto

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2015

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior convxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermediarios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

A internacionalización, como resultado exitoso do impulso colectivo das empresas da nosa rexión, e especialmente para as pemes, supón a confirmación do valor engadido do seu modelo de negocio e, polo tanto, é una fonte de mellora continua da competitividade. Por outro lado, a internacionalización é expoñente e dinamizador dos atributos ligados á marca Galicia Calidade.

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores más esixentes e competidores más eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.



A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, finanziamento ás empresas para a súa entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, o Goberno galego apostou pola internacionalización das empresas galegas.

Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto efectivo das exportacións da empresa galega en 2020: aumento do número de empresas da base exportadora, procura e apertura de novos mercados, apoio na ampliación de cuota de mercados con menor presencia e maior potencial de crecemento futuro, e, consolidación de cuota nos mercados maduros. En definitiva, este plan de internacionalización persegue unha fase de consolidación dos distintos esforzos e accións emprendidas ao longo dos últimos anos para estimular, fortalecer, expandir e consolidar a internacionalización das pemes galegas e os seus produtos e servizos.

En concreto estas bases encaixan nos obxectivos dos seguintes eixes da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020:

- Eixe 2. Maior presencia en mercados. Obxectivo: diversificación de mercados, pero sobre todo, zonas xeográficas.
- Eixe 4. Galicia unha forma de facer. Obxectivos: mellorar o coñecemento e posicionamento de Galicia nos mercados internacionais e consolidar a percepción dos produtos e servizos galegos: calidade, prestixio, etc.
- Eixe 5. Unidade de axentes impulsores. Colaboración cos organismos intermedios. Obxectivos: coordinación e complementariedade a través da cooperación entre os distintos axentes da internacionalización evitando duplicidades, colaborar cos organismos intermedios, como revulsivos para estimular ás empresas en vertentes como a innovación, a competitividade e a internacionalización, apoando activamente as accións desenvolvidas polos actores intermedios e fomentando a participación de empresas galegas en iniciativas agrupadas que fomenten e faciliten ademáis a colaboración empresarial.

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, establece no seu artigo 4 como funcións do Igape, entre outras, proporcionar información



sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.

O Igape é xestor de fondos Feder do marco regulamentario 1420 no seguinte encaixe: obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: promover a internacionalización das pemes (cuxo indicador de resultado é o incremento do número de pemes exportadoras).

Para os efectos de conseguir maior coordinación de axentes impulsores, e apoiar a todos dunha maneira equitativa considérase axeitado unificar nestas bases o apoio a todo tipo de organismos que realizan actuacións de fomento da internacionalización da empresa galega (clústers, asociacións empresariais, consellos reguladores e centros tecnolóxicos).

O obxectivo destas bases é facilitar a internacionalización convxunta da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar empresas internacionalizadas para que non só non perdan a súa presenza nos mercados exteriores senón que a incrementen, poñendo ao seu alcance axudas financeiras que apoién a súa presenza exterior, ampliando o número de países e a diversificación dos sectores internacionalizados.

Estas axudas no exterior están dirixidas a apoiar o esforzo realizado polos organismos intermedios para promocionar empresas galegas (que compartan similares intereses en determinados mercados) de modo agrupado aproveitando sinerxías e cooperando entre si, polo que se apoian as accións de promoción propostas e organizadas por entidades empresariais sen ánimo de lucro.

Esta liña de axuda compleméntase co programa de aquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización financiado con fondos propios de Igape, dado que ofréceselles aos organismos intermedios solicitantes destas axudas a posibilidade de solicitar un bolseiro de promoción exterior para que lles apoie na realización das accións de internacionalización para as que solicita esta axuda.

Compleméntase además, coa liña de axuda Galicia Exporta Empresas cofinanciada con Feder, coa liña de axudas á promoción convxunta en mercados exteriores (Primex), coa liña de axudas para a contratación de xestores de internacionalización cofinanciada con Fondo Social Europeo, e cos servizos do Igape á internacionalización, entre os cales cabe destacar o apoio en destino a través da rede Pexga de plataformas da Xunta no exterior, o



asesoramento para primeira exportación, asesoramento para acceso a licitacións de organismos multilaterais e servizos de formación e de información de mercados.

A convocatoria desta liña de axudas será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. A convocatoria incluirá o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

As axudas reguladas nestas bases, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 1. *Proxectos obxecto de apoio e exclusións*

1. Co obxectivo de incentivar a realización de accións de promoción no exterior de modo conxunto favorecendo a cooperación empresarial e o aproveitamento de sinerxías entre varias empresas, o Igape, poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de proxectos promovidos e desenvolvidos por organismos intermedios para facilitar a internacionalización das empresas ás que representan:

a) Misións empresariais directas ou visitas a feiras que teñan lugar en calquera país extranxeiro, sempre que beneficien a máis dunha empresa galega dun sector ou sectores complementarios. Mínimo 4 empresas.

b) Accións (que beneficien máis dunha empresa galega dun sector ou sectores complementarios) do tipo de: participación en feiras ou en outros eventos expositivos (desfiles, catas,...) que teñan lugar no estranxeiro, excepto que nese evento estea programada outra participación agrupada subvencionada pola Xunta, a non ser que non se poida participar na acción por exceso de cupo ou outras causas non imputables ao solicitante da axuda. Mínimo 4 empresas.

c) Misións empresariais inversas de importadores, distribuidores, medios de comunicación ou outro tipo de prescritores estranxeiros ou de empresas ou organismos estranxeiros, co obxecto de dar a coñecer ao exterior as posibilidades empresariais galegas e/ou para sondar possibles fórmulas de cooperación, sempre que beneficien a máis dunha empresa galega dun sector ou sectores complementarios. Mínimo 4 empresas.

d) Campañas de publicidade en prensa, revistas, televisión, internet ou outros medios, sempre que a súa difusión se realice no estranxeiro e sempre que se trate de campañas de



promoción dun sector empresarial galego ou de varias empresas galegas (mínimo 5 empresas) do mesmo sector ou sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados.

e) Elaboración de material promocional como catálogos, contidos audiovisuais, folletos e similares, en calquera soporte, e que contribúan á divulgación e coñecemento no estranxeiro, sempre que se realice para un sector empresarial galego ou para varias empresas galegas (mínimo 5 empresas) do mesmo sector ou sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados.

f) Plataformas sectoriais de internacionalización (accións para estudo de mercado, procura de clientes, promoción *on-line*, etc.) nas que se beneficie a máis dunha empresa galega (mínimo 5 empresas).

g) Xestión de tramitación de certificacións, homologacións e rexistros de marca e patentes para o estranxeiro que beneficien a máis dunha empresa galega dun sector determinado. Mínimo 5 empresas.

h) Xestión de licitacións internacionais que beneficien a máis dunha empresa galega dun sector determinado. Mínimo 3 empresas.

i) Proxectos cooperativos en destino para implantación promocional e prospección de mercados. Establecemento de oficinas de promoción en destino. Sempre que beneficien a un sector empresarial galego ou a máis dunha empresa galega (mínimo 5 empresas) do mesmo sector ou sectores complementarios.

2. Só se concederá un expediente por Organismo Intermedio beneficiario, no que se poderán incluír varias actuacións das mencionadas.

3. Non se concederá axuda a aquelas solicitudes que, unha vez avaliadas, resulten cun gasto subvencionable inferior a 5.000 €.

4. Debe tratarse de proxectos de promoción que se inicien en 2016 con execución de gasto entre o 4 de xaneiro e 29 de xullo de 2016 teñan ou non continuación a partir dessa data. Non se admitirán proxectos que se inicien a partir do 29 de xullo de 2016 e que –polo tanto– soliciten só orzamento de 2017.

5. No caso de que así o solicite o organismo, poderá terse en conta o proxecto presentado aos efectos de asignación de destino ao organismo solicitante, dun bolseiro do



programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización, que o Igape aprobe para tal fin.

A asignación no seu caso terá en conta a orde de puntuación resultante do baremo establecido no artigo 6.2 destas bases.

Artigo 2. *Procedemento e réxime de aplicación*

1. O procedemento de concesión destas subvencións trámitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias finanziadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As axudas recollidas nesta base incardínanse no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013) e para as empresas do sector pesqueiro no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.6.2014) e para as empresas do sector agrícola no artigo 1 do Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

4. As empresas que participen directamente nas accións subvencionadas consideraranse, así mesmo, beneficiarias para os efectos de imputación da axuda *de minimis* que lles corresponda segundo o gasto subvencionado.

5. A subvención aos proxectos estará cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, nun 80 %, obxectivo temático 03, prioridade de investimento 03.04, obxectivo específico 03.04.03, e están sujetas ás obrigas de información e difusión establecidas na regulamentación



da UE, en particular as establecidas no anexo XII, apartado 2.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 (DOUE L 347, do 20 de decembro).

Artigo 3. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

1. Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención pública para o mesmo proxecto, agás as cofinanciadas con fondos ou instrumentos da UE ata o 100 % do gasto subvencionable.

2. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola o límite *de minimis* redúcese a 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios.

3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase do solicitante unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia. Por organismos intermedios empresariais enténdese: as asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica, clústers empresariais (con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e domiciliados en Galicia), que representen un colectivo de empresas galegas, e os centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica domiciliados en Galicia e que estean inscritos con anterioridade ao 31.12.2015 no rexistro establecido para o efecto polo Ministerio de Ciencia e Innovación (Real decreto 2093/2008,



do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro de tales centros, BOE núm. 20, do 23 de xaneiro de 2009).

Enténdese por cluster empresarial para os efectos destas bases as agrupacións empresariais innovadoras que colaboren e desenvolvan proxectos en cooperación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que teñan creada unha entidade con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, que xestione a agrupación clúster.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades que entren dentro da categoría de empresas en crise. Para estes efectos terase en conta a definición establecida no artigo 2.18 do Regulamento (UE nº 651/2014 da Comisión do 17 de xuño de 2014). Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

3. Non poderán ter a condición de beneficiarios as entidades en que concorra alguma das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

4. Consideraranse asimesmo beneficiarias ás empresas que participen directamente nas accións subvencionadas e imputaráselles a axuda *de minimis* que lles corresponda segundo o gasto subvencionado

Artigo 5. *Condicións dos conceptos subvencionables*

1. Considéranse conceptos subvencionables aqueles gastos do tipo dos descritos neste artigo facturados ao organismo intermedio e pagados por este.

2. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido poderán ser subvencionables os conceptos seguintes, que cumplirán coa normativa estatal de subvencionabilidade de gastos para o período 2014-2020:

a) Gastos de viaxe: (só para actuacións citadas nas letras a), b) e c) do artigo 1.1.).

1º. Viaxe á cidade de celebración do evento desde algúna cidade de España. Por motivos empresariais admitírase que se viaxe ou regrese desde outro país distinto de España, nese caso só se subvencionará o hotel do país no que se celebra a acción.



2º. Hotel (en réxime de aloxamento e almorzo). Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das accións cun maximo de 5 pernoctas.

O gasto subvencionable máximo polos conceptos anteriores por solicitante e por evento ven reflexado no anexo IV das presentes bases.

Só se admitirán os gastos de viaxe correspondentes a unha persoa do organismo intermedio ou de cada empresa da asociación que se desprace.

No caso de misións inversas teranse en conta os gastos de viaxe a Galicia de cada persoa participante na misión. Subvencionaranse tamén neste caso os gastos de hotel (en réxime de aloxamento e almorzo). Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das accións cun maximo de 5 pernoctas. Teranse en conta para estos gastos os límites indicados no anexo IV.

3º. Traslado en autobús ou minibús en grupo ás reunións ou visitas comúns de traballo ou institucionais. No caso de misións inversas tamén serán subvencionables gastos de taxi ou vehículo con o sin conductor para desprazamentos en Galicia.

b) Gastos de aluguer de espazos e servizos relacionados: (só para actuacións citadas nos apartados a), b) e c) do artigo 1.1.).

1º. Aluguer e loxística de salas e outros espazos necesarios para a realización das accións.

2º. Stand: aluguer de solo, stand, mobiliario e servizos inherentes.

3º. Gastos de publicidade inherentes á acción promocional.

4º. Intérpretes.

5º. Asistencia técnica para a organización de eventos.

6º. Envío de mostras e catálogos.

c) Gastos de asistencia externa en orixe ou en destino:

1º. Asistencia técnica e traducción de documentación relacionada con licitacións, certificacións, homologacións e rexistros de marca e patentes (só para actuacións citadas nos apartados g) e h) do artigo 1.1).



2º. Deseño campaña de publicidade inserción nos medios de comunicación e asistencia externa para posicionamento en internet (*community manager*) (só no caso de que se implemente a mesma no período de execución destas bases). (só para actuacións citadas na letra d) do artigo 1.1.).

3º. Deseño, elaboración, edición, montaxe, producción, tradución e impresión do material promocional (só para actuacións citadas na letra e) do artigo 1.1.).

d) Deseño, creación e aloxamento de páxina web. Aplicación soporte comercio electrónico. (só para actuacións citadas na letra f) do artigo 1.1.). Non serán subvencionables os gastos de mantemento.

e) Gastos de asistencia externa en destino para a detección de oportunidades, a realización de axendas, e/ou seguemento de contactos iniciais (excepto para servizos ofertados pola rede Pexga). (só para actuacións citadas nas letras a), b) e c) do artigo 1.1.).

As empresas que presten este tipo de servizos descritos nesta epígrafe deberán estar dadas de alta na base de datos de axentes comerciais mediadores no exterior do Igape. Esta é unha base de expertos en comercio exterior con experiencia contrastada en servizos de apoio á internacionalización e con amplos coñecementos do mercado do país de situación. Os requisitos para darse da alta nesta base están publicados na Resolución do 2 de novembro de 2004 (DOG núm. 223, do 16 de novembro) pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, Igape, que aproba as bases reguladoras para a calificación de axentes comerciais mediadores no exterior para o apoio á internacionalización da empresa galega.

Este requisito non se requirirá cando o servizo sexa prestado por: oficinas comerciais de España no estranxeiro, cámaras de comercio españolas no exterior, cámaras de comercio estranxeiras ou por algún outro organismo empresarial do tipo dos contemplados como beneficiarios no artigo 4.1 destas bases. En definitiva, únicamente se requirirá no caso de que este servizo sexa prestado por empresas privadas para os efectos de avaliar a súa capacidade e para enriquecer a base de datos de axentes comerciais mediadores de utilidade para tódalas empresas galegas nos seus procesos de internacionalización.

Esta condición acreditarase no momento da xustificación da subvención.

f) Compra de espazos publicitarios e inserción nos medios de comunicación (só para actuacións citadas na letra d) do artigo 1.1.



g) Bases de datos de intelixencia competitiva internacional sectorial (só para actuacións citadas na letra f) do artigo 1.1.

h) Gastos de aluguer de oficinas durante o período de vixencia destas bases (só para actuacións citadas na letra i) do artigo 1.1.

3. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os seguintes conceptos:

a) Os custos de *mailings*, convites, regalos promocionais e os relativos á realización de cócteles e actos análogos.

b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) a non ser que se acredite que non é recuperable.

c) Gastos de actuacións dirixidas ao ámbito nacional.

d) Aqueles gastos que resulten de carácter xeneralista ou non estean expresamente referidos á actuación concreta que se propón para a subvención.

e) Folletos e outro material que non estea dirixido estritamente a fins promocionais.

f) Aqueles outros que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable.

4. Os gastos e investimentos subvencionables serán os realizados e pagados polo organismo solicitante dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión para os efectos de cumplir todas as condicións nela establecidas. O prazo de execución iniciarase o 4 de xaneiro de 2016 (polo que a solicitude de axuda poderá incluír accións que se leven a cabo a partir do 4 de xaneiro de 2016) e rematará na data establecida na resolución de concesión de axuda, sen que nunca poida exceder do prazo máximo de execución indicado na resolución de convocatoria.

Tamén serán subvencionables os gastos efectuados no segundo semestre do exercicio 2015 exixidos en concepto de reserva para accións realizadas no exercicio 2016.

5. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do



compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, (neste caso, presentarase escrito aclaratorio indicativo desta circunstancia, asinado polo representante legal), ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

6. Os provedores non poderán estar vinculados co organismo solicitante ou a peme beneficiaria final ou cos seus órganos directivos ou xestores, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se solicite e conceda a súa previa autorización (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

A non vinculación demostrarase a través dunha declaración responsable do solicitante, que se cubrirá no formulario de solicitude.

7. Admítese a subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios, sen límite respecto ao importe da actividade subvencionada, exixíndose aos beneficiarios o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 43 do seu regulamento. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

8. No caso de que o solicitante teña a condición de poder adxudicador nos termos previstos no artigo 3.3.b) do TRLCSP deberán presentar, se é o caso, o correspondente expediente de contratación tramitado para o efecto nos termos previstos nos artigos 189, 190 e 191 do TRLCSP. Será responsabilidade da entidade beneficiaria o cumprimento da citada normativa, podendo o seu incumplimento dar lugar á perda do derecho ao cobro total ou parcial e demais responsabilidades previstas na normativa de subvencións públicas.

Conforme o artigo 3.3.b) do TRLCSP teñen a consideración de poderes adxudicadores todos os entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia distintas das administracións públicas que fosen creados específicamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios dese número 3



financien maioritariamente a súa actividade, controlen a súa xestión, ou nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

9. En ningún caso o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

10. No caso de participación en accións agrupadas organizadas por ICEX só se subvencionarán conceptos subvencionables non subvencionados por este organismo polo que se requerirá convocatoria ou escrito deste organismo no que se manifieste cales son os conceptos de gasto subvencionados.

11. Todos os gastos deben ser facturados ao organismo intermedio solicitante e pagados por dito organismo. Non se admiten pagos en efectivo.

Artigo 6. *Intensidade de axuda, máximo de subvención e criterios de avaliación e selección de proxectos*

1. Para as actuacións incluídas nesta convocatoria a intensidade de axuda será do 90 % de subvención sobre os gastos subvencionables co límite máximo de subvención de 150.000 € por beneficiario e convocatoria.

2. Os proxectos que cumpran coas condicións necesarias serán avaliados de acordo co seguinte baremo xeral cunha base de puntuacion de 100 puntos. Non se subvencionarán solicitudes que non acadan unha puntuación mínima no baremo de 30 puntos.

a) Representatividade do organismo intermedio.

Número total de empresas asociadas ou representadas polo organismo intermedio solicitante da axuda á data de solicitude da axuda:

1º. Superior a 30 empresas: 15 puntos.

2º. Entre 20 e 30 empresas: 10 puntos.

3º. Entre 10 e 19 empresas: 5 puntos.

b) Concreción sectorial do solicitante: organismo intermedio sectorial (clúster, consello regulador, centro tecnolóxico ou asociación representativa dun sector ou varios sectores relacionados entre si): 15 puntos.



c) Grado de análise previa do potencial de internacionalización por parte do Igape das empresas do organismo intermedio.

Número total de empresas que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe ou diagnóstico positivo, ou teñan solicitada a alta antes do remate do prazo de presentación de solicitudes de axuda, a través do procedemento do Igape IG192:

1º. Superior a 30 empresas: 15 puntos.

2º. Entre 20 e 30 empresas: 10 puntos.

3º. Entre 10 e 19 empresas: 5 puntos.

d) Estudo previo –feito ou encargado polo organismo intermedio– de empresas perten-
centes a este en relación a súa internacionalización: 15 puntos.

Elaborado no ano 2013 ou en exercicios posteriores- e que inclúa como mínimo:

1º. Número de empresas analizadas e a súa porcentaxe sobre o total de empresas re-
presentadas polo organismo.

2º. Porcentaxe de internacionalización das empresas analizadas en función da porcen-
taxe de negocio no exterior sobre o volumen de negocio total anual. Indicando número de
empresas por tramos de internacionalización e, número de empresas non internacionali-
zadas.

3º. Debilidades e fortalezas das empresas analizadas de cara á súa internaciona-
lización.

e) Existencia dun plan estratégico de internacionalización previo: 15 puntos.

Elaborado no ano 2013 ou en exercicios posteriores- dirixido ao sector/sectores das
súas empresas asociadas ou representadas e que inclúa como mínimo: mercados que se
abordarán e o seu razoamento, oportunidades detectadas, información dos ditos mercados
e accións para levar a cabo co seu razoamento e cronograma.

f) Informe de resultado de subvencións anteriores do Igape e/ou de Fondos Europeos
por parte do organismo intermedio solicitante da axuda para o mesmo fin de internacionali-



zación das empresas asociadas ao organismo intermedio: (15 puntos no caso de entregar o informe e, que se houbesen acadado resultados positivos).

Este informe debe incluír, para cada subvención recibida polo organismo intermedio un detalle de:

1º. Ano da resolución de concesión da axuda.

2º. Importe da axuda recibida (no caso de expedientes finalizados, o importe menor entre a axuda liquidada e a concedida).

3º. Organismo que concedeu a axuda.

4º. Finalidade da axuda.

5º. Resultados en termos de:

i) Número de empresas beneficiarias da axuda.

ii) Número de contratos asinados polas empresas.

iii) Importe do volume de negocios estimado xerado grazas ás accións subvencionadas.

iv) Número de empresas que se iniciaron nos mercados obxecto das accións subvencionadas.

v) Número de empresas que ampliaron mercado no país/países obxecto da subvención.

g) Colaboración coa Rede Europea de Empresas (programa da Comisión Europea coa que colabora Igape que ten como obxectivos: fomentar a cooperación entre empresas e organismos intermedios membros da rede, prestar servizos de orientación para a internacionalización empresarial, etc.): 10 puntos.

Obterán esta puntuación os solicitantes que houbesen cuberto e entregado ao Igape (por algún rexistro válido) o formulario de alta na rede antes da data solicitude de axuda (formulario dispoñible a través da web de Igape).

3. Unha vez baremadas as solicitudes, seleccionaranse as de maior puntuación ata o límite de orzamento –axustando o gasto subvencionable para executar ao máximo o orzamento das bases–.



4. No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A tramitación destas bases require a verificación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, o formulario de solicitude inclúe autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos nestas bases reguladoras.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estivesen en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorren máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos establecidos regulamentariamente.

5. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006,



do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

6. As propostas que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar a solicitude de axuda, os organismos interesados definidos no artigo 4 deberán cubrir previamente un formulario descriptivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o que solicita a subvención a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon a disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 900 81 51 51, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo a internet.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obligatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

3. As solicitudes de axuda presentaranse mediante formulario normalizado que se obtendrá de xeito obligatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo. No formulario será obligatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexas porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, concedéndolle aos solicitantes un prazo de



10 días para a súa emenda, transcorrido o cal teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución de arquivo.

4. O formulario de solicitude deberá vir acompañado da seguinte documentación:

- a) DNI do representante legal, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- b) NIF da entidade solicitante, só non caso de denegar expresamente a súa consulta.
- c) Acreditación da representación con que se actúa.
- d) Documentación acreditativa da súa constitución: acta e estatutos de constitución, con acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente e modificacións posteriores destes.
- e) Se é o caso, certificación do beneficiario segundo que o IVE das facturas que soporan o proxecto subvencionable non son obxecto de dedución.
- f) No caso de centros de innovación e tecnoloxía, certificado acreditativo da súa inscrición no Rregistro de Centros de Innovación e Tecnoloxía con anterioridade ao 31.12.2015.
- g) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, dispoña o solicitante á data de solicitude da axuda, de acordo co establecido no artigo 5.4 das bases reguladoras
- h) Memoria descriptiva do proxecto, na que se xustifique detalladamente a súa necesidade e interese para as empresas ou sector representado, así como a identificación das empresas partipantes no proxecto. A memoria deberá conter mención explícita aos criterios sinalados no artigo 6.2. destas bases, que se deberá xuntar como documento ao formulario electrónico de solicitude.

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.



5. Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitud normalizada co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común utilizando o formulario de solicitud normalizado (anexo I) co IDE, acompañado das copias simples dos documentos relacionados no artigo 8.4. No formulario de solicitud inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitud de que as copias constitúen unha reproducción exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape.

6. Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitud as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.4, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitud a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requerir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Para achegar xunto co formulario de solicitud os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitud teña a representación legal da entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.



b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan a un deles para presentar a solicitude. Este documento realizarase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación electrónica, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación.

f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía electrónica para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación electrónica neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación electrónica, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun acuse de recibo das notificacións (xustificante de recepción electrónico). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño).

7. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberán solicitar no en-



derezo de correo electrónico informa@igape.es, indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante.

8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites más comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Órganos competentes

A Área de Internacionalización do Igape será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención e corresponderá, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ao titular da dirección xeral do Instituto Galego de Promoción Económica a competencia para ditar a resolución sobre o fondo da solicitude, que poña fin ao procedemento na vía administrativa.

Artigo 10. Instrucción dos procedementos

1. As solicitudes de axuda serán avaliadas polos servizos do órgano instrutor en función dos datos declarados na solicitude de axuda e no formulario e a documentación presentada e elaborará unha relación delas coa puntuación que lle corresponde a cada unha, en aplicación dos criterios de valoración establecidos nestas bases.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude ou o formulario non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requerimento farase indicación expresa de que, se así non o fixera, se dará por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b) e 60 da Lei 30/1992, os requisitos de emenda citados realizaranse preferentemente mediante a publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase indicar que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado enderezo. Excepcionalmente, se a instrución do pro-



cedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. No caso de empate nas puntuacións, para desempatar terase en conta o número de expediente, que se outorgará segundo a data de presentación da solicitude.

4. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselle de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano colexiado confeccionará a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e elevará a proposta de resolución ao director xeral do Igape, na que se fará constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para executar o proxecto e o prazo máximo para presentar a xustificación ao Igape. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

6. A resolución será notificada de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Con carácter xeral, non se enviarán notificacións postais e, de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, substituirase a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Os interesados poderán descargar a súa notificación individual da parte da resolución que lles afecte introducindo o seu NIF e o código IDE no enderezo www.tramita.igape.es (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>). En todo caso, na dita notificación individual de concesión, deberán establecerse as condicións da axuda, na que deben figurar, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Que a axuda está cofinanciada con Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, o que exixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e ao Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo



e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

b) Os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse coa axuda.

c) O plan financeiro e o calendario de execución.

d) Indicación do método que debe aplicarse para determinar os custos da operación e as condicións para o pago da axuda.

e) Que a aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión dos beneficiarios na lista de operacións que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013.

f) Indicación das obrigas de información e publicidade que deberá cumplir nos termos previstos na sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e que se especifican no anexo III.

g) Obriga de manter un sistema separado de contabilidade ou un código de contabilidade suficiente para todas as transaccións relacionadas coa operación.

h) Obriga de conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluidos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.

i) Establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso.

Non obstante, excepcionalmente, se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será o indicado na resolución de convocatoria. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



Artigo 11. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Potestativamente, recurso previo de reposición, que resolverá o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación da resolución, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, observarase o establecido no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, admitíndose, dentro dos límites xerais establecidos nestas bases, modificacións relativas ao orzamento subvencionable á baixa, ao traspaso orzamentario entre partidas de gasto, á modificación á baixa do prazo de execución do proxecto, ao cronograma de execución, á tipoloxía de accións ou proxecto/s a acometer e tipoloxía de gasto, e a o/s países obxectivo, sempre e cando estes cambios non aleteren o baremo. Non se permite a modificación orzamentaria que implique traspaso dunha anualidade a outra.

2. A solicitude de modificación deberá presentarse con anterioridade mínima de tres meses ao vencemento do prazo de execución do proxecto.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación tramitando o formulario sinalado no artigo 8 e presentando a súa instancia dirixida á Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación do Consello de Dirección do Igape, pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados.



Artigo 13. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios:

1. Executar o proxecto que fundamenta a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión.
2. Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello. Para tal fin, deberá disponer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control, durante polo menos un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación. O Igape informará desta data de inicio a que se refire esta obriga.
4. Durante o período citado no apartado anterior, as entidades e empresas participantes no proxecto estarán obrigadas a subministrar, a requerimento do Igape, os datos relativos á evolución da súa actividade exportadora (volume de facturación, servizos ou produtos exportados, países, etc.) e resultados concretos obtidos gracias ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliaciós oportunas sobre o resultado das actuacións finanziadas.
5. Comunicar ao Igape a solicitude e/ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. En ningún caso o importe da subvención poderá



ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, supere o custo elixible do proxecto.

6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

7. Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional segundo o establecido no anexo III a estas bases.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. No caso de non ser quen de realizar o proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

10. Responder as enquisas do Igape relativas ao grao de avance do proxecto e os seus resultados e grado de execución orzamentaria.

11. No caso de stands agrupados de participación en feiras debe utilizarse o símbolo E de España (en solitario ou acompañado da lenda «España»).

12. Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 14. *Xustificación da subvención*

1. O prazo para solicitar o cobramento será o indicado na resolución de convocatoria.

2. Para presentar a solicitud de cobramento, o organismo solicitante deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación establecida no endereço da internet <http://tramita.igape.es>.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon a disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do número de teléfono 900 81 51 51,



ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Dende este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDEL identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo a internet.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obligatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa.

3. A solicitude de cobramento presentarase mediante o modelo normalizado que a título informativo figura como anexo II a estas bases, na cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumplimento no caso de non seren corrixidas, previo requerimento formulado para tal fin.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do modelo de solicitud de cobramento normalizada co IDEL (anexo II), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns ao servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e sempre que o solicitante cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 8.6 das bases reguladoras.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude de cobramento, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común utilizando o modelo de solicitud de cobramento normalizada (anexo II) co IDEL, acompañada da documentación establecida no artigo 14.6, en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos



documentos relacionados no artigo 14.6, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requerir ao beneficiario a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase ao beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu Regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan. A xustificación cumplirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Xunto coa solicitude de cobramento, o organismo solicitante da axuda presentará:

a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade. As facturas correspondentes ás viaxes deben permitir identificar a persoa que viaxa.

b) Certificación na que identifique para cada persoa que viaxa se esta representa ao organismo intermedio ou a unha das empresas membros deste, neste caso identificando a empresa correspondente.

c) A documentación acreditativa do pagamento, por algúns dos seguintes medios:

1º. Xustificate de transferencia bancaria ou documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de execución do proxecto, así como o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira ou dispoñer dun código para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade financeira.

2º. Certificación bancaria orixinal conforme o pago ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a data efectiva desta.



3º. Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados coma subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas convxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos do organismo beneficiario selada polo banco ou recibín asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopia dos documentos bancarios de cargo nos que conste o cambio empregado.

d) A copia en formato impreso ou en formato dixital –que permita a súa lectura–, do material onde se aprecien os contidos das actuacións realizadas (evidencias actuacións difusión, exemplares material promocional, fotografías eventos, acreditación da aceptación ao evento, etc.) e o cumprimento da obligatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo 13.7 destas bases (fotografías do cartel con plano xeral de localización e de detalle, enlace á web donde se informa sobre o proxecto e o financiamento Feder, etc.).

e) Memoria técnica na que se expoñan co suficiente grao de detalle as actuacións desenvolvidas e resultados ou obxectivos acadados, que se deberá cubrir no formulario de liquidación. No caso de gastos de asistencia externa en destino para a detección de oportunidades, a realización de axendas, e/ou seguemento de contactos iniciais ou servizos de confección de axendas, a factura deberá vir acompañada dun informe asinado polo provedor no que conste información detallada sobre a axenda confeccionada ou servizo prestado, identificando as reunións organizadas e contactos realizados; así mesmo, o beneficiario presentará una memoria explicativa das actuacións realizadas, incluíndo datos identificativos das entidades e persoas contactadas, lugar, datas e duración das reunións, acordos ou preacordos alcanzados con socios ou clientes identificados, etc.



f) No caso de gastos de viaxe a xustificación será feita tendo en conta os módulos máximos indicados no anexo IV destas bases.

h) No caso da actuación da letra i) do artigo 1, proxectos de implantación en destino, coa periodicidade que se determine na resolución de concesión determinarse a necesidad de proceder a unha revisión periódica do proxecto que será como mínimo, semestral. Para tal fin, deberá presentarse unha memoria explicativa dos resultados obtidos durante ese período, de forma que a continuidade do proxecto quedará condicionada á valoración positiva polo Igape da memoria presentada.

7. O beneficiario deberá cubrir na ficha resumen de facturas do formulario de liquidación os seguintes datos relativos á contabilidade nos que se reflictan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida no artigo 13.6: número de asento, data do asento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable do beneficiario de que estes datos reflictan a realidade contable da operación subvencionada.

8. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumplir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, para ser beneficiario da axuda. No caso de que o beneficiario denegue expresamente o consentimento ao Igape para solicitar as certificacións, deberán achegarse xunto co resto da documentación xustificativa.

9. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracions da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, no seu caso, das cantidades previamente aboadas.

10. O Igape poderá aceptar variacións nos diversos conceptos de gasto aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20 % de cada concepto e que, no seu conxunto, non varíe o importe total de gasto aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

11. Cando o beneficiario da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 12 destas bases, despois de omitirse o trá-



mite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros. A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 15. *Aboamento das axudas*

1. O aboamento das axudas aos organismos solicitantes realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

2. Os solicitantes das axudas poderán solicitar un anticipo de ata o 90 % do importe da subvención concedida na anualidade na que se solicite o anticipo, unha vez notificada a resolución de concesión e con data límite establecida na resolución de convocatoria. A solicitude de anticipo será obxecto de resolución motivada polo órgano concedente da subvención. O importe do anticipo non pode superar o 50 % da subvención total concedida para todas as anualidades.

3. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Neste suposto exímese aso/ás beneficiarios/as da obriga de constituir garantías, previa á súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regulamenta a Lei de subvencións de Galicia.

4. Os órganos competentes do Igape poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, o Igape iniciará o correspondente procedemento de incumplimento.

Artigo 16. *Perda dodereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa



aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo se e o caso reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumprida de acordo coa seguinte graduación:

1º. Non darlle publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 13 destas bases, suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

2º. Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos finanziados con fondos Feder, suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

3º. Non comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas, suporá o reintegro do exceso percibido máis os xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.

4º. Suporá a perda dun 5 % da subvención concedida:

i) Non comunicar ao Igape a solicitude doutras subvencións ou axudas para o mesmo proxecto subvencionable.



ii) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención, unha vez recalculada a subvención e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

4. Incumprimento total, coa revogación da axuda concedida e reintegro, se é o caso, das cantidades percibidas, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Cando non se faciliten os datos requiridos sobre a actividade exportadora ou non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.

d) Cando non dispoñan dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

e) Cando o beneficiario non acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa comunidade autónoma.

Artigo 17. *Réxime sancionador*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Fiscalización e control*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma,



así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.

Artigo 19. *Comprobación de subvencións*

1. Previo ao seu aboamento, o órgano concedente comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de investimento será de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación.

2. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Publicidade*

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluirán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das subvencións con-



cedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no número 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 21. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceros», cuxo obxecto, entre outras finalidades é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable desde ficheiro é o Igape, quen no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faiuse responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cujos datos poidan ser necesarios aportar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd@igape.es.

Artigo 22. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Par-



lamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (DOUE L 347, do 20 de decembro de 2013), no Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006, así como na normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 48 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



PROCEDIMENTO AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IG421A	DOCUMENTO SOLICITUDE	
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>			
TIPO DE VÍA <input type="text"/>	NOMBRE DA VÍA <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>	
PARROQUIA <input type="text"/>	LUGAR <input type="text"/>	NÚMERO BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/>	
CP <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>
TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	
ACTIVIDADE <input type="text"/>			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)			
NOMBRE <input type="text"/>	PRIMERO APELLIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELLIDO <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>
NOTIFICACIÓNS POR VÍA ELECTRÓNICA			
<input type="checkbox"/> Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía electrónica <small>(Para utilizar esta opción debe dispor de certificado digital que cumpla o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao endereço de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no endereço da internet http://tramita.igape.es, logo de identificación mediante certificado).</small>			
DATOS BANCARIOS			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA <input type="text"/>	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍGITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/>		
ACTA DE CONSTITUCIÓN DO ORGANISMO			
ESCRITURA Nº <input type="text"/>	DATA ESCRITURA <input type="text"/>	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO Nº DE PROTOCOLO <input type="text"/> NIF SOCIEDADE <input type="text"/>	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE <input type="text"/>
PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER Nº <input type="text"/>	DATA PODER <input type="text"/>	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO <input type="text"/>	Nº DE PROTOCOLO <input type="text"/>
SOLICITUDE PARA			
<input type="checkbox"/> IG208 - Axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermediarios)			
Estas axudas están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 03, prioridade de investimento 03.04 e obxectivo específico 03.04.03.			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA			
<input type="checkbox"/> Que obtivo nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obligatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.			
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍGITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS <input type="text"/>		CÓDIGO DE COMPROBACIÓN <input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> No caso de presentación da solicitude en soporte papel, que a documentación presentada no expediente en copia simple, constitúe unha reproducción exacta dos seus orixinais.			
<input type="checkbox"/> Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir os obxectivos do proxecto para o que se conceda a axuda			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	AÑO
<input type="checkbox"/> Copia do DNI do representante legal, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación con que se actúa.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da súa constitución: acta, e estatutos de constitución, con acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente e modificacións posteriores destes.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, certificación do beneficiario segundo que o IVE das facturas que soportan o proxecto subvencionable non son obxecto de dedución.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso de centros de innovación e tecnoloxía, certificado acreditativo da súa inscrición no Rexistro de Centros de Innovación e Tecnoloxía con anterioridade ao 31/12/2015.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido no artigo 5.5 das bases reguladoras.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva do proxecto que deberá conter mención explícita aos criterios sinalados no artigo 6.2. das bases, que se deberá xuntar como documento ao formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso de solicitantes Consellos Reguladores, escrito da Consellería do Medio Rural indicando que as axudas solicitadas son compatibles coas axudas dessa Consellería.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable do representante legal da entidade solicitante de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir os obxectivos do proxecto	<input type="checkbox"/>			

Autorizo ao Igape, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autómatico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrenon máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo ao Igape para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopd@igape.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

[] , [] de [] de []

galicia

Igape»



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO REXIONAL
Unha maneira de facer Europa
UNIÓN EUROPEA

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)





ANEXO II

SOLICITUDE DE COBRAMIENTO

IG421A - AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINICIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

 NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en defeito)

NOME

 PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO ANEXO

EXPEDIENTE NÚM.

DATA RESOLUCIÓN

IMPORTE SUBVENCIONABLE
APROBADO (EUROS)

SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)

DATA DE REMATE DO PRAZO DE
EXECUCIÓN DO PROXECTO

LA PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obligatoria. Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS

 CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

E solicita (marcar só unha opción):

- Un anticipo do % da anualidade por importe de euros.

- A axuda correspondente segundo o establecido na resolución de concesión da axuda, descontado se é o caso o anticipo, de acordo coa xustificación achegada requirida na resolución de concesión de axuda. No período comprendido entre o e o incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por importe de euros. Os ditos gastos, cuxa relación fixo constar no formulario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



ANEXO III

Requisitos de comunicación do financiamento público

Axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Responsabilidade do beneficiario

Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o beneficiario deberá cumplir os seguintes requisitos de publicación e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Igape, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Igape e da Xunta de Galicia e mostrando:
 - a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
 - b) Referencia ao Fondo que da apoio ao proxecto.

1. Durante a realización do proxecto:

- a) Breve descripción no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión;
- b) Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira do Igape, da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo

De acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

1. O emblema da Unión deberá figurar en color nos sitios web, en todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
2. O emblema será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento empregados. En pequenos artigos de promoción non será obligatorio facer referencia ao Fondo.
3. Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo correspondente se presenten nun sitio web serán visibles ao chegar ao dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
4. O nome "Unión Europea" sempre aparecerá sen abreviar. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. Non se empregarán cursiva, o subliniado nin outros efectos. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de xeito que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
5. Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.

Utilización do logotipo da Unión Europea

O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo.



UNIÓN EUROPEA

Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Adicionalmente, empregarse o lema "Unha maneira de facer Europa".





ANEXO IV

Gastos de viaxes subvencionables

Axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermediarios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Gastos máximos de viaxe subvencionables por tramos de distancia entre cidade de orixe e destino (no caso de misións inversas de distintas cidades de orixe e destino terase en conta a distancia media de ambas cidades coa cidade galega obxecto da misión inversa):

Distancias	Importe
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1.999 Km	275 €
Entre 2.000 e 2.999 km	360 €
Entre 3.000 e 3.999 km	530 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €
8.000 Km ou máis	1.100 €

Distancia desde a cidade española de orixe á cidade de destino de celebración do evento: calculada en kilómetros segúrn o calculador establecido pola Comisión Europea para o abono dos desprazamentos en proxectos europeos.

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

No caso de cidade de orixe fóra de España non se subvencionarán gastos de viaxe (só de aloxamento no caso de que queden acreditados).

Documentación a entregar para xustificar a viaxe (cidade de orixe, cidade de destino):

Tarxetas de embarque de ida e volta, facturas, billetes (ou tickets de autopista no caso de desprazamento en automóvil) de xeito que quede demostrada a orixe e destino e as datas.

Gastos máximos de aloxamento subvencionables por país:

País	Importe por pernocta
Dinamarca, Irlanda, Países Baixos, Suecia, Reino Unido	120 €
Bélxica, Bulgaria, República Checa, Grecia, Francia, Italia, Chipre, Luxemburgo, Hungria, Austria, Polonia, Romanía, Finlandia, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía	105 €
Alemania, España, Letonia, Malta, Portugal, Eslovaquia, Antiga República Iugoslava de Macedonia	90 €
Estonia, Croacia, Lituania, Eslovenia	75 €
Resto países	120 €

Documentación a entregar para xustificar o aloxamento en hotel e número de pernoctas:

Bono de reserva de hotel ou factura de xeito que quede demostrada a data de entrada e saída do hotel.

